

IMPLICADAS NO DESENVOLVIMENTO

PRESENTACIÓN DE CAMPAÑA: 1 DE 200

DOSIER DE PRENSA



PRESENTACIÓN

O obxectivo do presente documento é achegar aos medios de comunicación a campaña *1 de 200*, que Implicadas No Desenvolvemento lanza este outubro de 2010, e que terá fin en xullo de 2011. É este un documento informativo que pretende amosar tanto o traballo como a propia filosofía e expectativas da organización de cara a esta campaña.

Este dossier quere facer fincapé no carácter crítico da campaña que hoxe presentamos, xa que sabemos que é fundamental para loitar contra os estereotipos e expectativas creadas na nosa sociedade sobre os pobos do Sur, e en concreto sobre a situación das mulleres, fomentar o espírito reflexivo da sociedade. O dossier pretende tamén informar acerca das distintas actividades e accións que Implicadas porá en marcha para acadar este obxectivo.

Esperamos que este documento supoña, por tanto, unha fiestra aberta a esta campaña e ao propio traballo da organización.

Moitas grazas.



en illamento, senón como parte da discriminación e violencia xerais contra as mulleres. Por iso o traballo da organización incide en todos os aspectos que teñen que ver coa igualdade: aspectos económicos, patróns de xénero e respecto dos dereitos das mulleres.

A continuación achegamos algúns dos piares fundamentais do proxecto a prol da erradicación do infanticidio feminino en Salem.

Apoio ás mulleres embarazadas

O programa inclúe unha liña de traballo de seguimento e asesoramento das mulleres embarazadas e as súas familias. As traballadoras do proxecto percorren cada día as aldeas e identifican as mulleres embarazadas, a quen visitan de forma regular para comentar aspectos relativos a cuestións sanitarias, pero sobre todo cuestións relativas ao xénero. Aquelas que están en situación de alto risco de infanticidio (as que teñen máis dunha nena ou as que quedan embarazadas buscando un varón) pasan ás mans das dúas traballadoras sociais que fan un traballo de asesoramento máis intenso. As mulleres que o proxecto atende nesta situación chegan ás 876.



Cambiar os patróns da discriminación

O fundamental no traballo de Implicadas no Desenvolvemento é cambiar as percepcións de xénero de toda a comunidade. Con esta finalidade leváanse a cabo actividades de sensibilización como o uso de monicreques, a música e o teatro para provocar un diálogo sobre os temas do proxecto e reforzar aquelas mensaxes sobre a igualdade e os dereitos das mulleres que xa existan na comunidade. A estas obras de teatro asistiron máis de 30.000 persoas de todas as idades.

Oportunidades para a independencia económica das mulleres

O respecto dos dereitos das mulleres pasa tamén por cuestións de tipo económico e para iso o proxecto puxo en marcha 60 grupos de aforro, nos que participan 752 mulleres. Os grupos de aforro reúnen entre 12 e 15 mulleres que de forma autónoma comezan a aforrar e reunirse de forma mensual. Dese fondo común as mulleres poden obter crédito que devolven nos prazos e cos intereses que elas mesmas fixan. Neste momento as mulleres aforraron, de forma autónoma 9.570 euros.

Mellorar a autoestima de nenas e mozas

As nenas e mozas, que reciben dende pequenas a mensaxe de que non son queridas polo feito de non ser un varón, crecen cunha baixa autoestima e por iso se organizaron cursos de capacidades para a vida, onde as mozas e tamén os mozos poidan aprender nun entorno mixto

a relacionarse, a resolver conflitos, a comunicarse e a facer oír a súa voz .1685 (842 mozas e 843 mozos) participaron ata o momento nesta actividade.

Son moitas as organizacións e activistas feministas que traballan para erradicar o infanticidio e moitas mulleres as que buscan ferramentas para non continuar con esta práctica, pero soas teñen moi complicado poderse enfrontar ao resto da comunidade. O traballo de Implicadas e PDI busca proporcionar un entorno onde se promova a igualdade entre homes e mulleres e se respecten os dereitos destas. Esta labor supón un paso máis, forte e firme, nese camiño.

Grazas a todos estes procesos conseguimos que nos últimos tres anos 983 nenas nacesen en Salem. Destas só 29 foron dadas en adopción. As restantes 954 viven coas súas familias.

Agora precisamos que 200 persoas nos axuden a continuar o traballo.



A CAMPAÑA

Esta campaña pretende crear un cambio de mentalidade que nos permita formar alianzas para loitar contra a violencia de xénero a escala mundial, presentando ante a sociedade galega o problema do infanticidio feminino e as solucións que se poden poñer en marcha dende o Norte e o Sur indo ás raíces do problema, basicamente a desigualdade de xénero.

1 de 200 ten como obxectivo fomentar unha conciencia crítica que se materialice en que, cando menos 200 persoas se asocien a Implicadas antes do mes de xuño de 2011, para que a organización continúe o seu traballo de loita contra a pobreza, a discriminación e a violencia de xénero, en concreto en contra do fenómeno do infanticidio feminino en Salem.

Para achegar esta realidade á sociedade, Implicadas ten artellado un calendario de actividades que da comezo no mes de outubro de 2010 e que continuará ata xuño de 2011. Os medios de comunicación serán debidamente informados a medida que ditas actividades se vaian confirmando.

PRESENTACIÓN DA CAMPAÑA

Cada mes presentaremos a campaña nunha cidade diferente, comezando en Santiago o 6 de outubro, e seguindo por Lugo, Vigo, Coruña e Pontevedra. En todas as presentacións contaremos coa presenza de persoas relevantes no mundo da cultura galega que desexan amosar así o seu compromiso cun tema tan importante como o infanticidio feminino e co traballo de Implicadas para a súa erradicación. A cidadanía será convocada, en cada un dos casos, por medio de accións alternativas, interactivas e intrigantes, que de seguro chamarán a atención.

IMPLÍCATE! NOITE DE MÚSICA E PALABRA SOLIDARIA

O Implícate, unha actividade que é xa tradición para Implicadas, é un acto no que se unen a cultura e a reflexión, un proxecto para unificar a cultura e a cooperación nunha noite solidaria que Implicadas ven celebrando de todos os anos en Compostela dende 2005. Nel participan, de xeito altruísta, representantes da música, o teatro, a poesía e a danza galegas e se promove á sensibilización (a través dunha serie de audiovisuais) sobre o tema ao que se dedica o acto, neste caso, a violencia de xénero, en concreto ao infanticidio feminino, arredor do que se artella toda a campaña 1 de 200.

O Implícate conta coa inestimable colaboración de diferentes persoas ligadas ao mundo do arte e da cultura galega, coordinado de xeito desinteresado e cunha entrega total por Celso Parada e Yolanda Castaño, que ademais presenta o acto xunto con Luís Tosar. No 2011 e como xa é habitual, o acto celebrarase no Teatro Principal de Santiago, a noite do 9 de xaneiro.

ACTIVIDADES CULTURAIS

Durante toda a campaña haberá actividades culturais en moitos puntos de Galicia, dende concertos ata exposicións, pasando pola danza, o teatro e moito máis. Dende a coordinación da campaña se irá informando a medios de cada un dos actos coa antelación precisa.

EXPOSICIÓN "OS MEUS OLLOS, AS TÚAS MANS"

"Os meus ollos, as túas mans" pretende plasmar a visión da cooperación a través dos ollos do voluntariado de IMPLICADAS, que achegarán o seu testemuño, a das mans de ilustrador@s, que se encargarán da parte artística. As obras, que xurdirán dunha experiencia de convivencia e intercambio na que @s artistas coñecerán e afondarán nas experiencias do voluntariado no seu traballo en IMPLICADAS, así como as súas impresións e reflexións, compilaranse nunha exposición que visitará varias localidades galegas.

"200 PALABRAS": ACTIVIDADE CON CENTROS DE ENSINO

A actividade "200 palabras" pretende levar a campaña 1 de 200 aos centros de ensino, ofrecendo ao alumnado a oportunidade de formar parte dela dun xeito creativo, en colaboración con escritoras e escritores en lingua galega.

E MÁIS...

Como é lóxico, Implicadas No Desenvolvemento está aberta á colaboración da sociedade, achegas de persoas individuais, organizacións ou colectivos. Publicitar a campaña na Internet, participar en actividades en distintas zonas de Galicia, implicando a centros de ensino, propoñendo actividades como concertos, monólogos, charlas... Pretendemos que a cidadanía galega faga súa a campaña, polo que o calendario se manterá aberto e continuamente actualizado en función das novas actividades que vaian xurdindo e das que tamén se darça cumprida información aos medios.

Toda a información detallada sobre as distintas accións, datas, lugares e personalidades asistentes no blog da campaña e na sección CALENDARIO da campaña

COLABORACIÓNS

Implicadas conta dende hai anos coa colaboración desinteresada de grandes personalidades da cultura galega, dende o mundo da música e o humor ata o da interpretación, pasando pola literatura, a pintura ou a televisión e a radio.

Unha das actividades que definen a identidade de Implicadas, o Implicate, que se vén desenvolvendo con grande éxito dende o ano 2005, permitiunos crear unha sólida rede de contactos no mundo da cultura que nos ofrecerán a súa axuda inestimable ao longo da campaña: Xente como Yolanda Castaño, Celso Parada, Xavier Díaz, Berrogüetto, Antón Reixa ou Luís Tosar, nos acompañarán nos diversos actos de presentación por toda a xeografía galega. Na primeira presentación de 1 de 200, en Santiago de Compostela, contaremos coa presenza de Luís Tosar, que se fará socio durante a rolda de prensa, animando persoalmente á cidadanía a que siga o seu exemplo, e acompañará ao voluntariado durante o resto da tarde como un máis.



MATERIAIS

Dentro do CD adxunto no dossier atopará, xunto con outros documentos que ilustran o traballo da organización, os materiais gráficos da campaña. A proposta conceptual e visual parte da identificación das nenas/mulleres como árbores/plantas que comezan a medrar en condicións pouco favorables para o seu pleno desenvolvemento. Do mesmo xeito que as árbores precisan un solo fértil para poder medrar, as nenas e mulleres precisan un entorno social, político e cultural acorde coas súas necesidades e dereitos, no que a desigualdade, a discriminación ou a violencia non teñan cabida. Só a choiva que cae con forza sobre a terra pode nutrila e transformala nun medio apropiado, transformación que resulta evidente cando a vexetación comeza a medrar e o que antes era deserto queda convertido en selva.

O infanticidio é só unha das moitas formas nas que as mulleres e nenas non podemos desenvolver a nosa vida de forma plena. A idea de que todas somos plantas e árbores non fai distinción de procedencias entre nós.

A terra seca representa unha sociedade que non proporciona as condicións necesarias para que nazan nenas nin para que as mulleres desenvolvan as súas capacidades libremente. É unha mensaxe global contra a violencia e a discriminación de xénero.

A auga é o cambio que se precisa para que en todas as sociedades as mulleres e nenas nos poidamos desenvolver. A selva final representa ás persoas de ambas sociedades que traballamos polo obxectivo común da igualdade de xénero, e a un tempo representa o noso traballo.

CONTACTO

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO

Rúa Camelias 49, Escaleiras
36211, Vigo
886 111 911
<http://www.implicadas.com/>
ofivigo@implicadas.com
info@implicadas.com

Toda a información sobre a campaña en <http://200implicadas.com/>

